


GACETA

Asociación Galega de Medicina Familiar e Comunitaria



Nome e Apellidos: _____

Dirección: _____

E-mail: _____

C.P.: _____ Poboación: _____ Provincia: _____

Data nacemento: _____ D.N.I.: _____ Teléfono: _____

Lugar de traballo: _____ Teléfono: _____

Poboación: _____ Provincia: _____

DATOS PROFESIONAIS

ANO DA LICENCIATURA: _____

TITULACIÓN: _____

M.F. e COMUNITARIA: _____

M.I.R.: _____

M.G.: _____

OUTRAS: _____

**INSTRUCCIÓN PARA A DOMICILIACIÓN DO RECIBO NO BANCO**

DATA: _____

Píddolles que con cargo á miña conta/libreta Nº:

Entidade Oficina D.C. Conta

Atendan ata novo aviso os recibos que sexan presentados pola
ASOCIACIÓN GALEGA DE MEDICINA FAMILIAR E COMUNITARIA.

O titular _____

Banco ou Caixa _____ Sucursal _____

Poboación _____ C.P. _____ Provincia _____

Sinatura**ASOCIACIÓN GALEGA DE MEDICINA FAMILIAR E COMUNITARIA**

Rúa Rosalía de Castro, 13 - 1º Esq. 15004 A CORUÑA
Telf.: 981 216 416 – Fax: 981 217 542 – e-mail: congrega@congrega.es

XUNTA DIRECTIVA DA AGAMFEC

Presidente

Manuel Domínguez Sardiña

Vicepresidentes

María Jesús Freiria Tato
Jesús Sueiro Justel

Secretario

Vital José Diéguez Pereira

Tesoureira

María Nuñez Temes

Vogal de Docencia

Ricardo Iglesias Losada

Vogal de Investigación

M^a Victoria Martin Miguel

Vogal de Prensa

Begoña Peiteado Garrido

Vogal del PAPPS

M^a José Veleiro Tenreiro

Vogal de Médicos Xovenes

Flora Miranda Pena

Vogal de grupos de traballo

Jaime González Rey

Vogal de Medicina Rural

Gabriel Díaz Grávalos

Vogais de Residentes

Alberto Touceda Bravo
Ángel Piñeiro López

SECRETARÍA TÉCNICA DA AGAMFEC

Rosalía de Castro, 13 - 1º Esq.

15004. A Coruña

Teléfono: 981 216 416

Fax: 981 217 542

e-mail: congrega@congrega.es

GRUPOS DE TRABALLO DA AGAMFEC

1 Comunicación e Saúde

Responsable: *Ana Carvajal de la Torre*

2 Hipertensión Arterial

Responsable: *Manuel Domínguez Sardiña*

3 Diabete

Responsable: *Fco. Javier García Soidán*

4 Demencia

Responsable: *M^a Carmen Fernández Merino*

5 Cirurxía Menor na Atención Primaria

Responsable: *Francisco Javier Maestro Saavedra*

6 Atención á Muller

Responsable: *Abel Coutado Méndez*

7 Abordaxe do Tabaquismo

Responsable: *Felisa Domínguez Grandal*

8 Dislipemias

Responsable: *Alberto del Álamo Alonso*

9 Patoloxía Osteo-articular na Atención Primaria

Responsable: *Enrique Nieto Pol*

10 Patoloxía Respiratoria

Responsable: *César Rodríguez Estévez*

11 Coidados Paliativos

Responsable: *David Vaquerizo García*

12 Urxencias

Responsable: *Fernando Souto Mata*

13 Risco Cardiovascular

Responsable: *Luis Fransi Galiana*

14 Grupo de violencia doméstica

Responsable: *Rosana Izquierdo Fernández*

15 Alcohol

Responsable: *Jacinto Mosquera Nogueira*

¿QUE É A AGAMFEC?

A agamFEC é unha asociación médica científica e profesional, sen ánimo de lucro, que vela polo adecuado desenvolvemento da Medicina Familiar e Comunitaria en Galicia. É algo máis ca unha axencia prestadora de servizos ou que unha asociación defensora de intereses corporativos.

A agamFEC busca sumar esforzos e ilusións. Pretende reunir e representar a todo o colectivo médico de Atención Primaria e servir de canle para asumir a corresponsabilidade no proceso de mellora e modernización da nosa sanidade.

A agamFEC quere xogar un papel fundamental no desenvolvemento da Medicina de Familia e Comunitaria e da Atención Primaria en Galicia, aglutinando aos especialistas en MFC e demais profesionais de Atención Primaria do noso país, e asumindo a súa defensa e representación.

A agamFEC está dirixida por unha Xunta Directiva renovable cada dous anos. Artículase en Seccións (Docencia, Investigación, PAPPs, Prensa e Relacións coa semFYC) e Grupos de Traballo, coa pretensión de canalizar a máxima participación dos seus asociados.

A agamFEC está integrada na estrutura federal da semFYC, sociedade que agrupa ás 17 sociedades autonómicas do estado, constituindo a sociedade científica médica de maior actividade e implantación, chegando na actualidade a reunir a 15.000 profesionais de todo o estado español.

¿Cales son os fins da agamFEC?

- Promocionar e fomentar o progreso da medicina de familia e comunitaria, e da Atención Primaria, divulgando e impulsando os coñecementos da especialidade e os seus principios.
- Representar os intereses dos seus membros no marco das leis e ante os organismos das Administracións Públicas Sanitarias e docentes e outros órganos ou entidades nacionais e internacionais públicos ou privados.
- Servir de órgano informativo respecto das funcións e fins da especialidade, e realizar cantas tarefas se lle encomenden, colaborando con entidades públicas ou particulares mediante elaboración de estudos, informes ou propostas.
- Procurar a harmonía dos especialistas e asociados, organizar actividades de carácter profesional, de investigación, formativo, cultural ou asistencial co fin de acadar os obxectivos anteriores en colaboración coas administracións públicas, centros de saúde, hospitais, Colexios de Médicos, Facultades de Medicina e demais sociedades científicas.
- Fomentar e procurar a participación de todos os asociados nas distintas actividades e tarefas da Asociación, a fin de conseguir o mellor cumprimento destes obxectivos.

¿Que ofrece a agamFEC aos seus asociados?

A mellora profesional a través das distintas actividades é o maior beneficio que o socio pode conseguir da agamFEC.

Esto pode lograrse a través de:

- Actividades de formación continuada nas que o socio participa (congresos, debates, cursos...) tanto en calidade de asistente como de ponente.
- Fomentando a investigación, potenciada a través dos congresos anuais da agamFEC, a través de apoio metodolóxico, convocatorias de becas...
- Favorecendo a participación e o intercambio de experiencias entre os socios por medio dos Grupos de Traballo e outros foros que se constitúan.
- Proporcionando material científico e publicacións elaboradas e editadas pola agamFEC e a semFYC.

Actualmente os socios da agamFEC reciben de xeito gratuito nos seus domicilios as seguintes publicacións periódicas:

- Cadernos de Atención Primaria
- Atención Primaria
- Os socios da agamFEC reciben tamén os Documentos semFYC, así como información das actividades que a Asociación realiza e outras informacións de interés para os médicos de familia.
- Outro beneficio que o socio pode obter son os descontos para asistencia ás actividades que a Asociación organiza: congresos, cursos, xornadas de residentes, talleres...
- A pertenza á agamFEC ofrece a posibilidade de participar nos grupos de traballo e de participar nas distintas actividades que a Asociación poña en marcha. Tamén pode o socio participar na Asamblea Anual que se organiza xeralmente coincidindo co Congreso autonómico, así como participar na elección dos membros da Xunta Directiva.

¿Quen pode asociarse á agamFEC?

Poden ser socios da agamFEC todos os médicos que traballen ou estean relacionados coa Atención Primaria de Saúde e que realicen o seu traballo na Comunidade Autónoma de Galicia, sexan ou non especialistas en Medicina Familiar e Comunitaria, e que estean dacordo cos obxectivos que a Asociación persigue.

Para ser socio da semFYC hai que selo necesariamente a través de algunha sociedade autonómica federada. Todos os asociados da agamFEC son, polo tanto, tamén socios da semFYC.

Os membros da Asociación teñen os seguintes dereitos:

- Ostentar a calidade de membro e asistir ás sesións que a Asamblea Xeral celebre.
- Participar nas actividades e actos da Asociación.
- Ser candidato nas eleccións para órganos da Asociación.
- Ser informado das actividades e planos da Asociación.

A cota de asociado é de 10 euros ao trimestre.

Os residentes da especialidade de Medicina de Familia e Comunitaria poden ser socios da agamFEC de maneira gratuita durante o primeiro ano de asociados.

Para contribuir á mellora da Atención Primaria en Galicia:

¡Asóciate a AGAMFEC!

XORNADAS DE REFLEXIÓN E DEBATE DA AGAMFEC. SANTIAGO DE COMPOSTELA NOVEMBRO 2006

Durante os días 3 e 4 de novembro realizáronse en Santiago de Compostela unhas xornadas de reflexión e debate da AGAMFEC, tratábase de analizar a situación actual da asociación para buscar as liñas máis adecuadas de actuación no futuro, facer unha reflexión sobre as actividades e funcionamento dos Grupos de traballo da AGAMFEC e finalmente debater sobre a nosa visión da Atención Primaria no momento no que vivimos.

SITUACIÓN AGAMFEC

Os grupos de traballo que debateron sobre a situación da AGAMFEC valoraron as dificultades da situación actual e a necesidade de que a asociación fortaleza a súa posición como sociedade científica. Hai unha serie de datos obxectivos como son: 1. Vinte e cinco anos de traxectoria desde a constitución da asociación. 2. Oitocentos socios. 3. A revista *Cadernos de Atención Primaria* presente desde 1990 no pequeno abanico de revistas científicas de Galicia e 4. A realización continuada de xornadas da asociación das que o próximo ano realizárase a vixésima edición. Todos eles son elementos que forman parte do "activo" fronte a contrariedades subxectivas e conxunturais. Cremos que constitúen unha boa carta de presentación.

A historia da Asociación e as súas actividades están marcadas, como non, pola situación da atención primaria desde a creación da especialidade de medicina de familia e a necesidade de abrirse espazo nun panorama difícil, moitas veces hostil á nosa presenza e aos nosos postulados. Todo iso obrigou ao colectivo a imprimir un matiz marcadamente reivindicativo e maximalista a todas as actividades que promovía. O escenario actual é diferente, non magnífico pero sí diferente. Proba diso é a presenza de moitos membros de AGAMFEC en postos clave da administración sanitaria galega. A experiencia que acumulamos, os asociados máis novos e a nosa propia pervivencia, obríganos a dar un impulso á asociación e a cultivar a imaxe pública que se merece: unha asociación que representa a médicos expertos en Atención Primaria ante os medios de comunicación, a sociedade en xeral e a administración sanitaria ante a que somos un dos seus interlocutores máis válidos.

Somos profesionais especialistas en persoas, moi preocupados pola boa calidade do noso traballo desde o punto de vista técnico e desde o punto de vista humano. Coñecemos moi ben o importante papel que ocupamos no

sistema sanitario e a nosa capacidade de resolución, necesitamos e reclamamos un tempo mínimo para comunicar mellor, diminuír a incerteza no noso traballo, simplificar as xestións administrativas eliminando as tarefas inútiles. Sabemos respectar e respectamos aos nosos pacientes, tamén esiximos ser respectados e traballar sen riscos.

Con todo este bagaxe habemos de presentarnos ante os compañeiros, invitándoos a que se integren no noso colectivo, que nos axuden nesta tarefa de contribuír a que a atención primaria de saúde na nosa comunidade sexa digna e da máxima calidade. Farémolo sen complexos, presentaremos a asociación con toda a súa bagaxe actual, traxectoria, socios, a revista reestruturada recentemente, unha páxina web actualizada. Para iso elaboraremos un documento de difusión no soporte que se considere máis conveniente para darnos a coñecer que sirva para presentarnos nos centros de saúde, nas reunións de residentes etc. No que se presenten a nosa visión da atención primaria, os nosos obxectivos como asociación, os servizos que podemos ofrecer e as oportunidades de colaborar.

Seguiremos na liña de esquecer maximalismos e buscaremos os puntos de encontro con outras sociedades de atención primaria en Galicia, intentaremos establecer lazos con eles a través de colaboracións conxunturais e mediante unha estrutura orgánica de relación permanente. Hai quen soña coa posibilidade de realizar unhas xornadas conxuntas da atención primaria en Galicia organizada por todas as sociedades de atención primaria de Galicia de forma cooperativa.

Intentaremos apoiar os desexos de participación dos especialistas novos, incentivando as súas inquietudes de produción científica e apoiando a súa participación e presenza nos congresos.

Somos conscientes que moitos destes novos socios co seu MIR recentemente terminado e que ven o seu futuro profesional como médicos de familia nun Centro de Saúde, con todo han de esperar a súa oportunidade traballando nun Punto de Atención Continuada, o tipo de atención que prestan no PAC e o seu modelo organizativo ten unhas características diferenciadas que lles fan portadores dun discurso propio, a AGAMFEC ha de ofrecer un espazo para desenvolvelo.

RESUMO

Obxectivo

Fortalecernos como sociedade científica

Tarefas

1. Captación de novos socios.
 - a. Elaborar documento de presentación como sociedade.
 - b. Potenciar a presenza e participación dos novos especialistas en medicina de familia nos foros, xornadas e congresos.
 - c. Ofrecer un marco ao discurso propio dos médicos dos PAC.
2. Elaboración de documentos propios:
 - a. En función dos grupos de traballo existentes na AGAMFEC.
 - Para profesionais.
 - Para pacientes.
 - b. Para promocionar a calidade.
 - Elaborando ferramentas de avaliación.
 - Articulando a realización de auditorias.
 - c. Destinados a recuperar e consolidar a imaxe do médico de familia que quere mellorar a atención.
 - d. Aportando solucións para a xestión máis adecuada das consultas.
 - e. Documento de presentación da AGAMFEC no que se informe da súa estrutura, actividades, documentos propios, obxectivos etc.
3. Mellorar a relación cos medios de comunicación.
 - Valorar a profesionalización da vocalía de prensa.
4. Establecer un diálogo e comunicación permanente coa Administración Sanitaria.
 - Ocupar o noso espazo como interlocutores.
5. Potenciar e actualizar a páxina web da asociación.
6. Uso do correo electrónico como ferramenta de comunicación do colectivo.
7. Crear unha canle de comunicación estable con outras sociedades de atención primaria de Galicia.

MESA SITUACIÓN ATENCIÓN PRIMARIA

Despois de revisar as debilidades, ameazas, fortalezas e oportunidades da actual atención primaria consensuáronse os 5 problemas máis importantes e se lle trasladaron deste xeito á Conselleira de Sanidade na entrevista do día 7 de novembro, formando parte da Plataforma Galega Dez Minutos:

1. Sobrecarga asistencial

- a. A administración debe entregar unha foto actual das necesidades de médicos para ter cupos de 1250 persoas e coñecer a taxa de recambio (por xubilacións, mortes,...) e de crecemento futuro. Ou sexa, foto actual de necesidades, con distribución territorial por Áreas e Equipos, e un estudo de necesidades no futuro.
 - b. En función desas necesidades:
 - i. Aumento de prazas na OPE.
 - ii. Aumento de estudantes na Facultade de Medicina.
 - iii. Aumento de MIR.
 - c. Neste momento: Contratación estable e atractiva de médicos en desemprego para facer substitucións.
2. Desburocratización:
 - a. Receita electrónica e, mentres tanto, xa a receita multiprescrición.
 - b. Partes de IT segundo criterio clínico: modificar o documento e, mentres tanto, xenerar circuíto administrativo de entrega dos partes.
 - c. Eliminar follas de interconsulta para revisións, transporte sanitario non urxente (do hospital), receitas de especializada.
 - d. Eliminar practicamente todos os visados de receitas.
 - e. Contar cun único modelo de informe a proporcionar polo Sergas.
 3. Acceso a probas complementarias en función do criterio clínico.
 4. Informatización orientada á asistencia (non á xestión). O IANUS valórase na actualidade como unha ameaza.
 5. Facilitar a autonomía dos centros.

A estratexia acordada nestas Xornadas da AGAMFEC foi establecer un diálogo coa administración, impulsar e apoiar a creación de coordinadoras por Área e confluír na Plataforma galega 10' co resto das organizacións, de xeito que a administración note unha presión continuada. Neste sentido, débese considerar o 10 de novembro como un inicio de mobilizacións.

GRUPOS DE TRABALLO

Nestas Xornadas de Reflexión houbo unha terceira mesa na que se reuniron todos os coordinadores dous grupos de traballo da AGAMFEC xunto co noso vogal de grupos. Nela tratáronse dous requisitos que debe de ter a constitución dous grupos, das actividades que como mínimo cada grupo de traballo debe xerar ao longo do ano (publicacións, cursos, etc), do seu financiamento, etc. En resumo, o que se pretende é montar as bases para un novo regulamento de grupos de traballo.

RELACIONES COA ADMINISTRACIÓN SANITARIA-MESAS DE TRABAJO

Desde o 30 de Novembro do 2006 a AGAMFEC, xunto con outras organizacións profesionais e sindicatos estan a manter reunións periódicas coa Administración sanitaria e hai abertas tres mesas de traballo que terán que presentar conclusións a finais de Xaneiro. Estas tres mesas son as seguintes:

1.- Mesa de mellora dá calidade.

A súa finalidade é propor medidas concretas de mellora da AP. Nela abordaranse os seguintes temas:

- Acceso a probas complementarias.
- Elaboración de guías clínicas.
- Relación primaria-especializada.
- Avaliación do traballo dos profesionais.
- Formación.
- Investigación.
- Roles profesionais no equipo. Renovación de funcións entre as diferentes categorías.

2.- Mesa de recursos humanos:

Os puntos que se quedou en abordar nesta mesa son:

- 1.- Identificación de centros coa situación máis deficitaria en cada área e corregir a situación:
 - Número de TIS médico, pediatra, enfermería,
 - Persoal non sanitario.

- Profesionais que traballan non centro.
- Presión Asistencial.
- Carga de traballo.
- Dispersión.
- Atención desprazados.
- Atención urxencias e domicilios na mañan dous cupos dá tarde e viceversa.
- Carteira de servizos equipo.

2.- Xestión de substitucións.

3.- Xestión das intersubstitucións.

4.- Organización da Atención Continuada: PACs.

5.- Xestións de permisos e licenzas.

6.- Prazas docentes.

7.- Protocolo de actividades, incentivación.

3.- Mesa de redución da burocracia

Nesta mesa acordáronse as seguintes áreas de traballo:

- Cambios no modelo de prescrición e de receitas.
- Melloras no control das baixas laborais.
- Papel do persoal de apoio auxiliar e administrativo.
- Eliminación das citas de especializada para revisións.
- Transporte sanitario para especializada.
- Consultas para "Primeira Receita".
- Informes médicos.

www.agamfec.com

The screenshot shows the AGAMFEC website with the following elements:

- Header:** Logo of the "Asociación Galega de Medicina Familiar e Comunitaria" (AGAMFEC) and the text "Asociación Galega de Medicina Familiar e Comunitaria".
- Navigation Menu:** A horizontal bar with buttons for "Inicio", "AGAMFEC", "Novas", "Grupos", "Formación", "Enlaces", and "Cadernos".
- Main Content Area:**
 - Logo:** "asociación galega de medicina familiar e comunitaria AGAMFEC" with a stylized graphic of faces.
 - Text:**

A agamFEC é unha asociación médica científica e profesional, sen ánimo de lucro, que vela polo adecuado desenvolvemento da Medicina Familiar e Comunitaria en Galicia.

Pretende reunir e representar a todo o colectivo médico de Atención Primaria e servir de canle para asumir a corresponsabilidade no proceso de mellora e modernización da nosa sanidade.
 - Footer:** "www.semfc.es" and "XXV Congreso SOCIEDADE ESPAÑOLA DE MEDICINA DE FAMILIA E COMUNITARIA".
- Bottom Bar:** "Investigación" and "Bolsa de Trabajo" sections, and contact information: "AGAMFEC c/ Rosalía de Castro 13, 1º. 15004 A CORUÑA Telf: 981-216 416 - Fax: 981-217 542 - e-mail: secretaria@congreso.es Información Legal - Criterios de Calidad".

www.agamfec.com

actualizada para ofrecerche
mellor servizo e máis información